

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN VECIÑAL NÓS

INDICE.

Artigo 1 - DENOMINACIÓN

Artigo 2 - FINS

Artigo 3.- ACTIVIDADES

Artigo 4 - DOMICILIO

Artigo 5 - AMBITO TERRITORIAL

Artigo 6 - DURACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 7 - REQUISITOS PARA A ADQUISICIÓN DA CONDICIÓE E CLASES DE ASOCIADO OU ASOCIADA

Artigo 8 - DEREITOS

Artigo 9 - OBRIGAS

Artigo 10 - ADMISIÓN DE ASOCIADOS OU ASOCIADAS

Artigo 11 - PERDA DA CONDICIÓE DE ASOCIADO OU ASOCIADA

Artigo 12 - SEPARACIÓE DE ASOCIADOS OU ASOCIADAS

Artigo 13 - ORGANOS DA ASOCIACIÓE

Artigo 14 - DA PRESIDENCIA

Artigo 15.- DA VICEPRESIDENCIA

Artigo 16.- DA SECRETARIA

Artigo 17.- DA TESOUREIRIA

Artigo 18.- DAS VOCALIAS

Artigo 19 - DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 20 - DOS CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 21 - FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 22 - DAS SESIÓES DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23 - DAS COMISIÓES QUE ACORDE CONSTITUIR A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 24 - ASEMBLEA XERAL

Artigo 25 - REUNIÓES E CONVOCATORIAS DAS ASEMBLEAS

Artigo 26- ASEMBLEAS ORDINARIAS

Artigo 27 - ASEMBLEAS EXTRAORDINARIAS

Artigo 28 - COSTITUCIÓE DA ASEMBLEA

Artigo 29 - TOMA DE ACORDOS

Artigo 30 - OBRIGATORIEDADE DOS ACORDOS E RÉXIME DE SESIÓES

Artigo 31 - IMPUGNACIÓE DE ACORDOS

Artigo 32 - PATRIMONIO INICIAL E EXERCICIO ECONÓMICO

Artigo 33 - RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 34 - RECURSOS ECONÓMICOS

Artigo 35 - CUOTAS ORDINARIAS

Artigo 36 - CONTAS ANUAIS.

Artigo 37 - ORZAMENTOS

Artigo 38 - DISPOSICIÓE DE FONDOS

Artigo 39 - NON DISTRIBUCIÓE DOS RECURSOS



- Artigo 40 - CLASES DE INFRACCIÓNS
- Artigo 41 - INFRACCIÓNS MOI GRAVES
- Artigo 42 - INFRACCIÓNS GRAVES
- Artigo 43 - INFRACCIÓNS LEVES
- Artigo 44 - CLASES DE SANCIÓNS
- Artigo 45 - SUSPENSÍONS DOS DEREITOS
- Artigo 46 - REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO
- Artigo 47 - MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS
- Artigo 48 - DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN
- Artigo 49 – LIQUIDACIÓN E DESTINO DO PATRIMONIO
 - DISPOSICIÓNS
 - DILIXENCIA

CAPÍTULO I.- DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.- DENOMINACIÓN

Constitúese na parroquia de Darbo, concello de Cangas a Asociación Veciñal sen ánimo de lucro denominada NÓS. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, e ao amparo e de conformidade co establecido polo Real Decreto Lexislativo 1/2002, de 22 de marzo, pola Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, pola Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e polas demais concordantes e complementarias, e en particular polos presentes Estatutos, someténdose os partícipes da comunidade ás súas disposicións.

Artigo 2.- FINS

Son fins principais da Asociación:

1.- Canalizar e expoñer as opinións, criterios e aspiracións veciñais, respecto da infraestrutura de saneamento e prestación de servizos municipais, dispensados polo Concello directamente ou por concesión, en dotacións e instalacións.

2.- Colaborar coas autoridades municipais no mantemento da zona en condicións de seguridade, salubridade e ornato públicos, así como na conservación e embelecemento da paisaxe.

3.- Protexer o medio ambiente dentro da zona, procurando adoptar medios encamiñados a evitar no posible calquera tipo de contaminación e subsanar a que poida existir.

4.- Protexer a natureza, fomentando a creación de espazos verdes, a plantación de árbores, evitando a súa tala, así como colaborar na limpeza da maleza existente.

5.- Colaborar co Concello na elaboración e execución de plans urbanísticos, normas subsidiarias, investimentos das cuotas de urbanización, e suxerir ó Concello a concesión de beneficios fiscais que procedan.

6.- Auxiliar ó Concello na vixilancia das obras públicas ou privadas, e dirixirse ó mesmo denunciando os defectos ou ilegalidades que se observen, e propoñendo medidas para ó máis correcto desenvolvemento das obras ou accións que procedan



para a defensa e restablecemento da legalidade e seguridade.

7.- Formular proposicións ó réxime urbanístico e ao reparto de beneficios e cargas nas contribucións especiais para costear a realización das obras acordadas polas administracións Públicas.

8.- Suxerir criterios na fase previa de elaboración do planeamento urbanístico.

9.- Canalizar e expoñer opinións, criterios e aspiracións dos asociados e asociadas respecto de problemas:

- Urbanísticos
- De prestación de servizos municipais dispensados polo Concello, directamente ou por medio de concesión ou arrendamento
- De infraestrutura de saneamento, referida á mellora das condicións hixiénicas da poboación.
- De prestación de servizos ou execución de obras que correspondan a outras Administracións Públicas, na súa función de asistencia económica ou técnica, a os concellos ou de cooperación a os mesmos.

10.- Representar e xestionar os intereses xerais e comúns das persoas asociadas.

11.- Formular e informar ó vecindario nas materias antes numeradas.

Artigo 3.- ACTIVIDADES

1.- Participar na xestión municipal a través de órganos territoriais de xestión desconcentrada que, a tal fin estableza o Concello.

2.- Participar na xestión municipal a través dos procedementos de consulta e colaboración que establezan, na determinación das condicións máis axeitadas para a prestación dos seus servizos e na elaboración das disposicións que poidan afectar aos asociados e asociadas.

3.- Patrocinar e organizar festexos, actividades culturais, deportivas e recreativas.

4.- Fomentar o estudo, a lectura e a formación humana e profesional.

5.- Realizar actividades en pro da integración da muller, procurando a súa participación nas actividades veciñais.

6.- Fomentar a convivencia veciñal, recuperando o apoio mutuo entre a veciñanza.

7.- Promover a edición de libros, folletos informativos, de practicas e estudos sobre actividades sanitarias, culturais, agrícolas, industriais, comerciais, entre outras.

8.- Colaborar coas autoridades locais e provinciais, autonómicas, estatais ou comunitarias, respecto a resolución dos temas e fins denantes comentados, en especial a calidades de vida medio ambiental e a protección de animais.

9.- Representar os intereses xerais da Asociación, diante dos órganos e xurisdición de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, estatal, comunitario ou internacional.

10.- Representar ós membros que o soliciten, en canto a intereses da Asociación respecta, diante das diferentes entidades, públicas ou privadas, sempre que a representación non puidera orixinar efectos negativos para a Asociación.

4.- DOMICILIO

Ao carecer de local social específico, o domicilio social fixarase no domicilio da persoa que exerza a Presidencia, existente en cada momento, neste intre Camiño do Enxerto nº 6, San Pedro, Cangas do Morrazo, Pontevedra.

O cambio será avalado pola Asemblea Xeral, coa aprobación de novos estatutos.

Artigo 5.- AMBITO TERRITORIAL

O ámbito xeográfico da Asociación Veciñal NÓS, e o Concello de Cangas do Morrazo.

Artigo 6.- DURACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados ou asociadas expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e do resto de ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II.- DOS ASOCIADOS

Artigo 7.- REQUISITOS PARA A ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN E CLASES DE ASOCIADO OU ASOCIADA

Para ser membro da Asociación Veciñal NÓS, é necesario ser unha persoa física ou xurídica e estar interesado en desenvolver dous propósitos da asociación.

1. As persoas físicas deberán ser maiores ou menores emancipados con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou situación legal para o exercicio do dereito.

2. Os menores non emancipados, menores de catorce (14) anos, precisan ou consenten, acreditados documentalmente, persoas que deben subministrar a súa capacidade.

3. As persoas xurídicas de carácter asociativo requirirán un acordo expreso do seu órgano competente e as de carácter institucional ou un acordo do seu órgano de goberno.

Dentro da asociación pode haber as seguintes clases de asociados ou asociadas:

a) Fundadores ou fundadoras, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.

b) De número, aquelas persoas que ingresaron máis tarde.

c) De honra, aquelas persoas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da Asociación, sexan nomeados pola Asemblea Xeral.

Os Asociados teñen a condición de vivir no vecindario, ou subsidiariamente, propietarios de bens inmobles, e sexan admitidas pola Xunta Directiva.



Artigo 8.- DEREITOS

Os membros da Asociación terán os seguintes dereitos:

- a.- Participar nas actividades que promova a Asociación e nos actos sociais que organice para tódolos asociados e asociadas.
- b.- Exercitar o dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais
- c.- Ser nomeado membro da Xunta Directiva.
- d.- Posuír un exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- e.- Que se lles poña de manifesto o estado de contas, dos ingresos e gastos da Asociación tódolos anos.
- f.- Censurar mediante moción sometida a Asemblea Xeral, presentada ó menos pola terceira parte dos asociados e asociadas, o labor de cantos integren e representen a Asociación.
- g.- Recibir asesoramento da Asociación.

Artigo 9.- OBRIGAS

Serán obrigas de tódolos asociados e asociadas:

- a.- Acatar os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.
- b.- Abonar as cuotas de entrada, as periódicas e derramas extraordinarias, que acorde a Xunta Directiva.
- c.- Colaborar no cumprimento dos fins sociais.
- d.- Desempeñar fielmente as obrigas propias ó cargo que desempeñen.

Artigo 10.- ADMISIÓN DE ASOCIADAS OU ASOCIADOS

A adhesión poderá ser solicitada por calquera que resida na parroquia de Darbo, Concello de Cangas de Morrazo.

A solicitude para a adhesión farase por escrito mediante un impreso facilitado pola Asociación dirixido á Presidencia da Xunta de Directiva, no que ademais do sometemento aos presentes Estatutos, regulamentos e disposicións da Asociación, así como expresa renuncia a toda xurisdición e foro, facultándose á asociación a resolución dos conflitos que xurdan entre os seus membros.

A aprobación de adhesión efectuarase pola Asemblea Xeral.

Non se adquire a condición de asociado ou asociada mentres non se satisfaga a cuota de entrada, na cantidade e forma que estableza a Xunta Directiva.

A efectos destes Estatutos enténdese por veciño ou veciña, toda persoa maior de idade, con residencia no ámbito xeográfico da Asociación.

Artigo 11.- PERDA DA CONDICIÓN DE ASOCIADA OU ASOCIADO

A condición de asociado ou asociada, pérdese:

- 1.- Por vontade propia: As persoas asociadas poderán solicitar a súa baixa na



Asociación voluntariamente, é necesario a comunicación por escrito dirixida á Presidencia da Asociación con un (1) mes de antelación, como mínimo, á data na que se pretende facer efectiva, pero isto non lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes.

2.- Por falla de pago das cuotas

3.- Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

4.- Por acordo da Xunta Directiva, e sempre que se de algunha das seguintes causas:

- Incorrer nunha infracción que teña a cualificación de moi grave, polo incumprimento das normas establecidas nos presentes Estatutos, ou dos acordos adoptados por Órganos de Goberno e que ocasionen graves prexuízos a esta.

- Comportamentos contrarios ao interese xeral da Asociación, que perturben ou impidan de forma total ou parcial a boa marcha da súa actividade, previo aviso da Xunta Directiva.

5.- Por expediente disciplinario

A perda da condición de asociado ou asociada por calquera dos motivos antes expostos comportará consigo a baixa da Asociación e mantendo todas as cantidades aportadas á presente Asociación, sen dereito a reembolso dalgún tipo, manténdose o deber de cumprir as obrigacións contraídas ata a data da súa baixa efectiva; entre as que se atoparían a de satisfacer as cotas vencidas ata ese momento, o abono das sancións pendentes, etc.

Artigo 12.- SEPARACIÓN DE ASOCIADAS OU ASOCIADOS

A expulsión de asociados ou asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia da persoa interesada, o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria, cunha maioría de dous terzos (2/3) dos votos emitidos.

Cando a baixa se produza por vontade da persoa asociada, se deberá realizar a petición por escrito, e procederase ó aboamento previo de tódalas cuotas ou obrigas que teña pendentes.

Os asociados ou asociadas tamén poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado ou asociada cando se este tramitando un expediente sancionador, ou concorran as causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pagamento dalgunha cuota ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación.

En ámbolos procedementos, en contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO III.- DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 13.- ORGANOS DA ASOCIACIÓN

A dirección e administración da Asociación serán exercidas pola persoa que ostente a Presidencia, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. Os Órganos de Goberno deberán recaer en membros da Asociación.

Artigo 14.- DA PRESIDENCIA

A persoa que exerza a Presidencia da Asociación asume a representación legal da mesma, e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva, presidindo e desempeñando as súas funcións tanto na Asemblea Xeral como na Xunta Directiva.

A duración do cargo establécese por un período de catro (4) anos, podendo ser reelixido, sen límite de mandatos.

Son funcións específicas da Presidencia.

a.- Convocar, presidir e moderar as sesións da Xunta Directiva e as Asembleas Xerais, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.

b.- Coordinar o plan de actividades da Asociación coa Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

c.- Ordenar os pagos acordados validamente.

d.- Elevar a escritura pública os acordos ou contratos onde forme parte a Asociación.

e.- Dar os poderes necesarios, en representación da Asociación, para interpoñer calquera reclamación, procedemento ou proceso administrativo ou xudicial e en calquera instancia.

f.- Interpoñer demandas ou querelas de calquera materia.

g.- Subscribir contratos de conta corrente, depósito, abrir conta nas entidades crediticias de acordo as finalidades da Asociación, previo acordo da Xunta Directiva.

h.- Solicitar todo tipo de subvencións ou axudas, diante das Administracións públicas ou entidades privadas.

i.- Subscribir todo tipo de contratos, previo acordo da Xunta Directiva.

j.- Incoar os procedementos sancionadores e o nomeamento das persoas que o instrúa e outra que exerza a secretaria.

k.- Autorizar as actas e acordos da Xunta Directiva, así como asinar e expedir os libramentos de tesourería.

l.- Autorizar os actos e acordos da Asemblea, así como de “poñer o visto e praxe”, ás certificacións que expida a persoa que exerza a Secretaría.

m.- En xeral, cantos cometidos lle fosen encomendados polas Asembleas Xerais ou a Xunta Directiva, tamén calquera outra facultade que lle viña atribuída polas disposicións legais e polos presentes Estatutos, así como informar e propoñer a os devanditos órganos de canto poida ser de interese para a Asociación

O voto da persoa que exerza a Presidencia será un voto de calidade, a efectos de desfacer os posibles empates.

Artigo 15.- A VICEPRESIDENCIA

A persoa que exerza a Vicepresidencia da Asociación será a encargada de realizar as funcións da Presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ostentando a representación da Asociación nestes casos. Asemade, realizará as encargas que lle encomende a Presidencia, as Asembleas, ou a Xunta Directiva.



A duración do cargo establécese por un período de catro (4) anos, podendo ser reelixido, sen límite de mandatos.

Artigo 16.- DA SECRETARIA

A persoa que exerza a Secretaria recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o arquivo de rexistro de asociados e asociadas en formato electrónico, e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Asociación. A persoa que exerza a secretaria en concreto terá as seguintes facultades:

a.- Asistir a Presidencia na fixación das ordes do día e as convocatorias de reunión, así como nos actos que a mesma o requira.

b.- Asinar as actas, certificar os acordos e documentos que teñan que expedirse, e dar fe de cantos actos realice a Asociación, co visto e prace da Presidencia.

c.- Adoptar as medidas necesarias para a execución dos acordos dos Órganos de Goberno.

d.- Coordinar os servizos técnicos e dirixir os administrativos da Asociación.

e.- Asegurarse que o persoal contratado exerza debidamente a súa actividade administrativa, sendo responsable do mesmo diante da Asociación.

f.- Estender as actas e acordos adoptados pola Asemblea Xeral, en formato electrónico, debidamente dilixenciado e rubricado pola persoa que exerza a Presidencia, con ámbalas dúas sinaturas.

g.- Estender as actas dos acordos adoptados pola Xunta Directiva, en formato electrónico, rubricado pola Presidencia e coa súa firma, para dar fe da súa veracidade, podendo calquera dos membros solicitar a lectura en voz alta das mesmas ou proceder persoalmente á mencionada lectura.

h.- Conservar e custodiar os libros e demais documentos.

i.- Executar calquera outro traballo propio do seu cargo e os que lle poida encomendar as Asembleas, a Xunta Directiva ou de quen exerza a Presidencia.

j.- Auxiliaralle nas súas funcións e substituíralle nas súas ausencias un vocal.

Artigo 17.- DA TESOUREIRÍA

A persoa que ostente a Tesourería:

a.- Dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e gastos sociais, intervindo en tódalas operacións de orde económica, levará a contabilidade, en formato electrónico, realizando os asentos pertinentes, redactará os orzamentos de acordo coas persoas que exerzan a Presidencia e a Secretaria, respecto ós ingresos e gastos para a súa aprobación pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

b.- Ademais do indicado, recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, e dará cumprimento ás ordes de pago que expida a Presidencia, subscribindo co responsable da Secretaria os documentos de disposición de fondos, ordenar e estudar os orzamento, e informará sobre o desenvolvemento da execución do presuposto, a fin de que poida verificar oportunamente os reaxustes necesarios.

c.- Formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de

contas do ano anterior, que deben ser presentados a Xunta Directiva, para que esta, a súa vez, someta os mesmos á aprobación da Asemblea Xeral.

d.- Todo cheque, talón, letra de cambio, orde de pago que emita a Tesourería, será visado coa súa sinatura e de quen ostente a Presidencia. No caso de ausencia dun deles poderá ser substituído por quen ostente a Vicepresidencia.

e.- Poderá realizar calquera outro traballo propio do seu cargo e os que lle poidan encomendar a Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno ou a Presidencia.

Artigo 18.- DAS VOCALIAS

Será obriga das persoas que exerzan de vocais a comparecencia ás reunións da Xunta Directiva, asistir á Presidencia en todo aquilo que demande, representar a Asociación en actos para os que fosen designados expresamente.

19.- DA XUNTA DIRECTIVA

A Xunta de Directiva, nomeada pola Asemblea Xeral, estará composta por un mínimo de seis (6) membros, comprendendo entre eles, persoas que ostenten a Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaria e a Tesourería; o resto dos membros serán vocais. Os cargos deberán recaer en asociados ou asociadas que leven polo menos un ano na Asociación.

Artigo 20.- DOS CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, salvo as dietas e gastos de administración, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Todos os cargos da Xunta Directiva elixíranse pola Asemblea Xeral, e os cargos durarán un período de catro (4) anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Artigo 21.- FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA

Son funcións da Xunta Directiva:

a. Velar polos intereses da Asociación, promover o seu desenvolvemento e defender os seus dereitos.

b. Programar e dirixir as actividades sociais.

c. Levar a xestión administrativa e económica da Asociación.

d. Redactar a memoria, elaborar os orzamentos, e someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

e. Executar os acordos da Asemblea Xeral.

f. Redactar a memoria de actividades.

g. Acordar a celebración das reunións da Asembleas Xerais e, no seu caso, das extraordinarias, cando o estime conveniente ou o pidan as dúas terceiras partes dos

membros da Asociación.

h. Inspeccionar a contabilidade.

i. Declarar a vacante dun membro da Xunta Directiva, por acordo unánime dos demais membros, cando deixe de asistir a tres reunións consecutivas ou á metade das convocadas dentro dun ano, ou cando sistematicamente omita o cumprimento dos deberes propios ó cargo, previa advertencia a o mesmo, e no caso de reincidir na súa actitude.

De producirse vacantes na xunta directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polas restantes persoas integrantes, ata a elección definitiva pola asemblea xeral.

j. Propoñer a Asemblea Xeral a fixación das cuotas de ingreso, revisión, e as cuotas trimestrais, así como as derramas extraordinarias.

k. Propoñer a modificación e aprobación dos Estatutos.

l. Acordar os contratos e obrigas que a Presidencia subscriba.

m. Fixar as dietas e o seu réxime.

n. Resolver as reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais que se formulen contra a Asociación, de acordo coa Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ñ. E en xeral, cantas outras facultades lle delegue a Asemblea Xeral, para resolver cantos asuntos estén sometidos a súa competencia ou pertenza á orde da Administración da Asociación.

As decisións que a Xunta Directiva adopten, deberán tomarse por maioría dos seus membros, en caso de empate o voto de quen ostente a Presidencia é decisivo.

Os gastos de representación da Asociación, como os derivados do exercicio das súas competencias, realicen os membros da Xunta de Goberno, deberán ser aprobados, por maioría na Xunta Directiva e satisfaranse a cargo da conta aberta a nome da Asociación.

Se nunha Asemblea Xeral extraordinaria, se solicitase un voto de censura para a Xunta Directiva, e si este é avalado pola maioría da asemblea, todos os membros da Xunta poñerán obrigatoriamente os seus cargos a disposición da Asemblea Xeral, que procederá ao nomeamento de nova Xunta Directiva.

Artigo 22.- DAS SESIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva celebrará catro sesións ordinarias ó ano, e as extraordinarias cantas veces o determinen as persoas que exerzan a Presidencia ou a Vicepresidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seu compoñentes. Será presidida por quen exerza a Presidencia e, na súa ausencia, por quen exerza a Vicepresidencia.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría dos votos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos da metade mais un dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto de quen exerza a Presidencia.

A persoa que exerza a Secretaria, ou no seu defecto un persoa que exercerá a

Secretaria accidentalmente, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Quedarán tamén validamente celebrada a xuntanza aínda que non teña sido convocada, si se atopan presentes ou representados a totalidade dos seus membros titulares, e todos os presentes aceptasen expresamente a celebración da mesma.

Artigo 23.- DAS COMISIÓNS QUE ACORDE CONSTITUIR A XUNTA DIRECTIVA

Os membros da Xunta Directiva presidirán as Comisións que a propia Xunta Directiva acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recoller das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das indicadas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta de que exerzan as súas respectivas presidencias.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar, que as comisións se subdividan en subcomisións.

Artigo 24.- ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano participación e de expresión veciñal, e estará formada por tódolos integrantes da mesma.

As persoas que exerzan a Presidencia, Vicepresidencia e a Secretaria da Xunta Directiva tamén o serán da Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o Órgano de máxima autoridade. As decisións que por maioría adopte, obrigan a todos os asociados e asociadas.

Artigo 25.- REUNIÓNS E CONVOCATORIAS DAS ASEMBLEAS

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario e extraordinario.

A Asemblea Xeral ordinaria, reunirase necesariamente dentro dos seis (6) primeiros meses de cada exercicio, previa convocatoria en legal pola Xunta Directiva de propia iniciativa, ou ben a instancia do dez (10 %) dos asociados e asociadas, como mínimo, neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á Presidencia, autorizado polas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e da orde do día, e de conformidade co exposto na orde do día, nela a Xunta Directiva renderá contas da súa xestión.

Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas cun mínimo de sete (7) días de antelación, pola Presidencia da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais ou taboleiros da Asociación, no domicilio dos asociados ou das asociadas para as Asembleas ordinarias e para as Asembleas extraordinarias, sendo válidas as convocatorias feitas por calquera medio telemático ou uso das novas tecnoloxías.

Na Asemblea Xeral non se poderá tratar ningún asunto que non se inclúa previamente na orde do día, salvo que se acorde por maioría cualificada de dous terzos (2/3) da totalidade dos asociados e asociadas na mesma.

Artigo 26- ASEMBLEAS ORDINARIAS

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- 1.- Aprobado o Plan Xeral de actuación da Asociación.
- 2.- Avaliar a xestión da Xunta Directiva
- 3.- Aprobado, no seu caso os presupostos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondentes ó ano anterior.
- 4.- Aprobado a acta da asemblea anterior, se non fose aprobada na mesma.
- 5.- Ratificar no seu caso, a persoa que ostente a Presidencia e os demais membros da Xunta Directiva.
- 6.- Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- 7.- Examinar e aprobar as cuotas
- 8.- Aprobado as derramas ordinarias, así como as derramas de carácter extraordinario.
- 9.- Aprobado ó trasladado do domicilio social.

Artigo 27 - ASEMBLEAS EXTRAORDINARIAS

Serán competencia da Asemblea Xeral extraordinaria:

- 1.- Modificación dos Estatutos
- 2.- Elixir os integrantes ou aprobar cando corresponda os cambios na Xunta Directiva.
- 3.- Aprobado a federación con outras Asociacións
- 4.- Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- 5.- Acordar a disolución da Asociación
- 6.- Designar ós liquidadores.
- 7.- Ratificar a expulsión de asociados e asociadas, a proposta da Xunta Directiva
- 8.- Disposición, adquisición ou enaxenación de bens inmobles
- 9.- Solicitud de declaración de utilidade pública
- 10.- Aprobado o regulamento de réxime interno da Asociación
- 11.- As que sendo de competencia da Asemblea Xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- 12.- Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 28 - COSTITUCIÓN DA ASEMBLEA

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes ou representados a maioría das persoas asociadas, ou transcorridos vinte (20) minutos en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados e asociadas asistentes.

Do mesmo xeito quedará validamente constituída cando están presentes ou representados todos os membros, e os asistentes acepten por unanimidade a



celebración da Asemblea.

Artigo 29 - TOMA DE ACORDOS

Os acordos adoptados deberán selo por maioría simple do cincuenta e un (51 %) dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 e 7 do artigo 26, que requirirán a maioría de dous terzos (2/3). A continuación levaranse actas de acordos, en formato electrónico, actas que asinarán quen ostenten a Presidencia e a Secretaria da Asemblea, a acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

As votacións rexeranse polo principio de “un asociado ou asociada, un voto”. Só pode haber un voto por unidade familiar.

O voto será a man alzada, agás que o solicite polo menos un terzo (1/3) dos asistentes da Asociación.

Serán nulos os acordos adoptados sobre temas non incluídos na orde do día, salvo que se aprobe polos membros presentes.

A representación voluntaria deberá ser conferida por escrito cunha antelación mínima de vinte catro (24) horas antes da celebración da Asemblea; excepto limitación en contra establecida ao outorgarlle a representación, o representante voluntario considérase facultado para participar na adopción de calquera acordo da Asociación. No entanto, un asociado ou asociada non pode ter delegado máis de dous votos.

Todos os membros da Asociación terán dereito a voto, coa excepción de que á data da Asemblea non estean ao corrente no pago das cuotas, ou se atopen pendentes de abonar o importe dalgunha sanción á Asociación, nese caso perderán o seu dereito a voto, mentres non regularicen a súa situación.

Artigo 30 - OBRIGATORIEDADE DOS ACORDOS E RÉXIME DE SESIÓNS

Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados e asociadas, incluso os non asistentes.

As sesións se abrirán cando así o determine a Presidencia, seguidamente se procederá por parte da persoa que ostente a Secretaria á lectura da acta da Asemblea anterior, que deberá ser aprobada.

Posteriormente se procederá a plantexar o resto da orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia que se trate. Todo o que antecede ó desenvolvemento das deliberacións, forma de tornarse no uso da palabra, sistema de votación e calquera outra incidencia resolverase pola presidencia da Asemblea.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá, se a Presidencia o considera oportuno ou o solicitan un dez por cento (10 %) dos asociados ou asociadas inscritos, a facer unha quenda de preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte de quen ostente a Presidencia.

Artigo 31 - IMPUGNACIÓN DE ACORDOS

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación, poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A Partir da resolución do recurso, sen prexuízo da súa posible impugnación enalzada no prazo de quince (15) días ante o Organismo da Administración que teña competencias sobre Asociacións, que unha vez resolto quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO IV.- RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 32 - PATRIMONIO INICIAL E EXERCICIO ECONÓMICO

A Asociación no momento de iniciar as súas actividades, constituíse sen patrimonio fundacional.

O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural.

Artigo 33 - RÉXIME ECONÓMICO

A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador do presuposto será elaborado pola persoa que exerza a Tesourería da Asociación, que deberá telo preparado, no tempo que establece o artigo 24, a fin de que poida ser aprobado pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 34 - RECURSOS ECONÓMICOS

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais, serán as seguintes:

- a.- As cuotas de entrada que sinale a Xunta Directiva, e con carácter subsidiario e transitoriamente, os establecidos nas disposicións transitorias.
- b.- As cuotas periódicas que acorde a Xunta Directiva, e con carácter subsidiario e transitoriamente, os establecidos nas disposicións transitorias.
- c.- Os produtos de bens e dereitos que lles correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poida recibir de forma legal.
- d.- Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.
- e.- As derramas acordadas pola Asemblea Xeral
- f.- As Subvencións, doazóns e achegas que se obteñan do Estado, Comunidade Autónoma, Provincia, Concello ou doutros organismos públicos ou privados, persoas físicas ou xurídicas.
- g.- Créditos que se obteñan de Entidades públicas ou privadas.
- h.- En xeral, todo o que fose adquirido ou se adquira cos bens ou fondos da Asociación.

Queda prohibido expresamente calquera tipo de ánimo lucrativo ou empresarial-mercantilista.



Artigo 35 - CUOTAS ORDINARIAS

As cuotas acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 36 - CONTAS ANUAIS

Anualmente con referencia ó último día de exercicio económico de cada ano, elabóranse as contas, que se formalizaran nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados e das asociadas na Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 37 – ORZAMENTOS

Anualmente no tempo que establece o artigo 24, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral.

Artigo 38 - DISPOSICIÓN DE FONDOS

Para a disposición de fondos das entidades bancarias, onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente as persoas que ostenten a Presidencia, a Vicepresidencia e a Tesourería, abondando coa sinatura de dous deles.

Artigo 39 - NON DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados ou as asociadas os recursos obtidos pola Asociación.

CAPITULO V .- RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 40 - CLASES DE INFRACCIÓNS

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Son Órganos competentes para a imposición de sancións, a Xunta Directiva, para as infraccións leves, e a Asemblea Xeral, para as infraccións graves e moi graves.

Contra as súas disposicións, cabe interpoñer recurso de reposición, que non suspenderá a eficacia da resolución adoptada no arquivo.

Como medida prudencial nos procedementos por infraccións graves e moi graves, a persoa que a instrúa poderá acordar a suspensión do exercicio dos dereitos na Asociación, por un prazo que non poderá superar os seis (6) meses.

Os arquivos disciplinarios quedan sometidos a Lei de Procedemento Administrativo, en canto a forma, prazo, contidos e desenrolo.

O prazo de prescrición das infraccións previstas neste Estatuto será de seis (6) meses para as infraccións leves, dous anos para as infraccións graves e tres anos para as infraccións moi graves, segundo o artigo 132 da Lei 30/1992, de 26 de novembro



(LRXPAC).

Os acordos tomados pola Xunta de Goberno no ámbito das súas competencias, serán executivos, sen prexuízo da súa posible impugnación mediante a interposición de Recurso de Alzada ante o Organismo da Administración con competencias nas Asociacións no prazo de quince (15) días a partir da comunicación o interesado (art. 84.5 da TRLA e o Art. 227.2 do RDPH), ou a interposición de recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición competente.

Artigo 41 - INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Son infraccións moi graves:

- a.- Inxuriar, difamar ou calumniar a Asociación, ou ós seus órganos representativos.
- b.- Malversar ou distraer os caudais da Asociación.
- c.- Exercer os cargos para os que foron elixidos con negligencia.
- d.- Arrouparse indebidamente na representación da Asociación.
- e.- Dificultar a actividade da Asociación, mediante actividades que conculquen a finalidades asociativa.
- f.- Ter sido condenado por delitos contra a saúde pública ou liberdade sexual.
- g.- Non ter satisfeito as cuotas da Asociación durante dous (2) anos consecutivos.
- h.- A concorrencia de dúas infraccións de carácter grave.

Artigo 42 - INFRACCIÓNS GRAVES

Son infraccións graves:

- a.- Non ter satisfeito as cuotas anuais ou de carácter extraordinario da Asociación
- b.- Exercitar proselitismo contrario ós fins e obxectivos da asociación.
- c.- Incumprir os acordos dos Órganos de Goberno.
- d.- Non abonar as sancións pecuniarias, as recargas nas cuotas e as cantidades dimanantes das obrigacións, así como as indemnizacións e costas no seu caso.
- e.- Realizar accións ou manter condutas que causen desprestixio para a Asociación.

Artigo 43 - INFRACCIÓNS LEVES

Son infraccións leves todas aquelas actividades que a Xunta Directiva considere, mediante catálogo previo, como contrarias os fins da Asociación e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 44 - CLASES DE SANCIÓN

As sancións clasifícanse en moi graves, graves e leves, en consonancia coas infraccións:

- a.- Moi graves: Expulsión definitiva da Asociación, suspensión do exercicio dos dereitos durante un prazo superior a dous (2) anos e inferior a seis (6).
- b.- Graves: Suspensión do exercicio dos dereitos na Asociación durante un prazo superior a un (1) mes e inferior a dous (2) anos

c.- Leves: Apercibimento.

Artigo 45 - SUSPENSIÓN DOS DEREITOS

Levará aparellada a suspensión automática no exercicio dos dereitos na Asociación, as actividades dos asociados ou asociadas, que atenten á independencia desta Asociación, e ou fomenten as inxerencias doutras entidades.

CAPÍTULO VI .- DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 46 - REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Poderá existir un regulamento de réxime interno aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido o ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VII .- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 47 - MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou $\frac{1}{4}$ dos asociados e asociadas. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto, coas modificacións propostas que se analizará na Asemblea, tomando as decisións pertinentes.

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos $\frac{2}{3}$ dos asociados e asociadas, presentes ou representados na Asemblea Xeral.

Artigo 48 - DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- 1.- Por decisión da propia Asemblea Xeral, acordada pola $\frac{2}{3}$ partes da totalidade.
- 2.- Por fusión con outra Comunidade
- 3.- Por outras causas determinadas legalmente.
- 4.- Por sentenza xudicial

Artigo 49 – LIQUIDACIÓN E DESTINO DO PATRIMONIO

No caso de disolución da Asociación, a Asemblea Xeral acorde disolvela, nomeará unha Comisión liquidadora, composta por cinco (5) membros extraídos da Xunta Directiva, que procederá á liquidación: dos seus bens patrimoniais, con arranxo ao disposto no Código Civil para a liquidación das sociedades, e se fará cargo fondos que existan, para que, unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houberse, sexa investido en obras sociais, nos barrios e zonas da parroquia.



CAPÍTULO VIII .- DISPOSICIÓN

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- A Asociación utilizará a súa denominación en lingua galega, Asociación Veciñal NÓS.

SEGUNDA.- Nos acordos e notificacións que adopte a Asociación, utilizarase o Idioma galego, oficial de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

UNICA.- Facúltase á Xunta Directiva a resolver calquera cuestión ou dúbida que poida xurdir sobre a limitación xeográfica.

DISPOSICIÓN FINAL

1. En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

2. Os presentes Estatutos quedaron redactados coa inclusión das modificacións acordadas e aprobadas pola Asemblea Xeral Extraordinaria convocada aos efectos o día 17 xuño 2023.

3. Unha vez aprobados, entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Administración competente sobre as Asociacións.

4. Estes Estatutos non dá a Asociación Veciñal NÓS, nin a ningún dos seus membros, dereito algún que non teña concedido polas Leis, nin lles privan dos que con arranxo as mesmas lles correspondan.

5. Estes Estatutos interpretánsense e aplicarán de acordo cos usos e disposicións legais vixentes, quedando sempre a salvo o seu carácter imperativo.

6. A facultade de interpretar estes Estatutos concédese á Xunta Directiva, sen prexuízo da superior competencia da Asemblea Xeral. A tal fin tanto unha como a outra poderán solicitar o asesoramento, informe ou ditame de departamentos Xurídicos ou Técnicos que estimen conveniente, sendo de conta común os gastos que tales consultas orixinen.

DILIXENCIA:

O titular da Presidencia, D. Serafín Sa Pazó, e a titular da secretaría Dna. Almudena Díaz Ferverza, da Asociación Veciñal NÓS, fan constar que os presentes Estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 17 xuño 2023, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Cangas a 17 de xuño 2023

